



Área / Unidade MOVILIDAD URBANA MU1100C SVC	Documento 851181012M	
Código de verificación 	Expediente 851/2024/20	
4U1A 3I6H 5813 4X15 0386	Fecha 05-07-2024	

Convocatoria específica, en réxime de concorrência competitiva, de iniciativas municipais de apoio ao sector do taxi para financiar GPS, biombos, axudas para vehículos eléctricos puros, vehículos con combustibles alternativos, taxis adaptados e instalación de equipos de comunicación implementados sobre novas tecnoloxías.

I) PERSOAS BENEFICIARIAS	3
Base 1. Requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria	3
Base 2. Obrigas das persoas beneficiarias	3
II) OBXECTO E GASTOS SUBVENCIONABLES	4
Base 3. Obxecto	4
Base 4. Gastos subvencionables	4
III) BASES REGULADORAS: RÉXIME XURÍDICO E FINALIDADE	5
Base 5. Réxime xurídico	5
Base 6. Finalidade	5
IV) CONTÍA E LÍMITES DA SUBVENCIÓN	6
Base 7. Crédito orzamentario	6
Base 8. Límite máximo da subvención	6
V) PROCEDEMENTO: INICIACIÓN	7
Base 9. Réxime e inicio	7
Base 10. Órgano instrutor e órgano competente para a resolución do procedemento	7
Base 11. Forma, documentación e prazo de presentación de solicitudes	7
11.1. Presentación de solicitudes de subvención.	7
11.2. Documentación das solicitudes de subvención.	7
11.3. Aclaracións adicionais sobre a documentación das solicitudes de subvención	8
VI) INSTRUCIÓN	9
Base 12. Instrución	9
Base 13. Criterios de valoración das subvencións e Mesa de avaliación	10
13.1. Criterios de valoración das solicitudes	10

13.2.	Mesa de Avaliación	11
Base 14.	Resolución provisional, trámite de alegacións e resolución definitiva	12
Base 15.	Recursos procedentes contra a resolución do procedemento	13
Base 16.	Lista de agarda	13
Base 17.	Compatibilidade con outras axudas.	13
VII)	COMPROBACIÓN, PAGAMENTO E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS	14
Base 18.	Comprobación das subvencións concedidas	14
Base 19.	Pagamento das subvencións	14
Base 20.	Reintegro das subvencións concedidas	15
VIII)	INFRACCIÓN E SANCIÓN	15
Base 21.	Infraccións e sancións	15
	DISPOSICIÓN ADICIONAIS	16
	Disposición Adicional 1ª. Normativa de aplicación	16
	Disposición Adicional 2ª. Aceptación das bases reguladoras da convocatoria	16
	Disposición Adicional 3ª. Información ás persoas interesadas	16
	Disposición Adicional 4ª. Datos de carácter persoal	16
	ANEXO I. SOLICITUDE DE SUBVENCIONS	17
	ANEXO 2. DECLARACION DE DOCUMENTACIÓN XA ENTREGADA PREVIAMENTE NO CONCELLO DA CORUÑA	18
	ANEXO 3. DECLARACIÓN RESPONSABLE	19
	ANEXO 4. AUTORIZACIÓN DE PERSONA INTERESADA PARA QUE O CONCELLO DA CORUÑA POIDA OBTEN DATOS DA AGENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA	21
	ANEXO 5. MODELO DE ADHESIVO PARA ACREDITAR O FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN POLO CONCELLO DA CORUÑA	23



I) PERSOAS BENEFICIARIAS

Base 1. Requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria

Poderá ser persoa beneficiaria destas subvencións calquera persoa física ou xurídica que sexa titular de licenzas de auto-taxi, concedidas polo Concello da Coruña, que reúnan todos os requisitos establecidos no art. 6 da Ordenanza Municipal específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana (BOP nº 47, 26.02.2008) (en diante, OSSMU) que establece as súas bases reguladoras.

Non poderán ser persoas beneficiarias titulares de licenzas de auto-taxi aquelas que reciben unha subvención do Concello para idénticos fins e o mesmo número de licenza en convocatorias anteriores, cuxa resolución de concesión da subvención for adoptada dentro dos últimos 6 anos desde a data de publicación desta convocatoria.

En particular, poderán acceder á condición de persoa beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as sociedades civís, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica propia, poida ser titular de licenzas de auto-taxi que cumpra co obxecto e requisitos definidos na presente convocatoria, tanto colectiva como individualmente por todos e cada uno dos seus membros.

Neste caso, no momento da solicitude deberán manifestar a porcentaxe de responsabilidade, compromiso ou participación na súa agrupación. Senón manifesta o contrario, corresponderalle a mesma porcentaxe de responsabilidade sobre o importe da subvención.

En ningún caso, poderán obter a condición de persoa beneficiaria as persoas, agrupacións ou asociacións en quen concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante, LXS).

As persoas beneficiarias deberán reunir os requisitos establecidos nestas Bases, e os demais legalmente esixidos no momento e a partir da data de publicación desta convocatoria de subvencións no Boletín Oficial da Provincia (BOP).

Base 2. Obrigas das persoas beneficiarias

De acordo co establecido no artigo 14 LXS, as persoas beneficiarias das subvencións, obxecto desta convocatoria, estarán obrigadas a:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- b) Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, que cumpriu os requisitos e condicións, así como a realización da actividade e a finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente ou a entidade colaboradora, de ser o caso, así como a calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

- d) Comunicar ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Acreditar con carácter previo a emitirse a proposta de resolución de concesión que se acha ao corrente nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente.
- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos que xustifiquen a aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 4 do artigo 18 da LXS.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da LXS.
- j) As persoas beneficiarias teñen a obriga de incorporar nun lugar visible do vehículo unha referencia expresa a que a adquisición foi subvencionada polo Concello da Coruña. mediante un adhesivo co formato que figura nos anexos a esta convocatoria, de dimensións 10,3 cm de ancho por 18 cm de longo. As persoas beneficiarias acreditarán que cumpran esta obriga presentando un documento gráfico (fotografía) do vehículo no que se aprecie o adhesivo.
- k) As demais obrigas que lle imponden a OSSMU, a LXS e as demais normas reguladoras da materia.

II) OBXECTO E GASTOS SUBVENCIONABLES

Base 3. Obxecto

De conformidade coas competencias atribuídas a este Concello polo art. 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local e en aplicación do art. 23 da LXS, así como as normas de carácter regulamentario que a desenvolven (en diante, RD 887/2006) e de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade, convócanse subvencións para que as persoas titulares de licenzas de taxi poidan adquirir vehículos eléctricos puros, vehículos eléctricos con autonomía estendida, híbridos, híbridos enchufables e demais vehículos con combustibles alternativos, taxis adaptados e instalación de dispositivos de seguridade e de equipos de comunicación implementados sobre novas tecnoloxías.

Base 4. Gastos subvencionables

Poderán ser obxecto de subvención nesta convocatoria:

- a) A adquisición de vehículos eléctricos puros que presten os seus servizos dentro do termo municipal da Coruña.



- b) A adquisición, adaptación ou cambio de vehículos de combustible alternativo dentro do sector do servizo de auto-taxi, vehículos eléctricos de autonomía estendida, vehículos híbridos, híbridos enchufables, glp, gas natural, e demais vehículos de combustibles alternativos que presten os seus servizos dentro do noso termo municipal.
- c) A adquisición de vehículos destinados a Eurotaxi, que ofrezan servizo de transporte adaptado a persoas con diversidade funcional ou mobilidade reducida.
- d) A instalación de medios de seguridade (biombos e/ou GPS) en vehículos adscritos a licenzas de transporte de viaxeiros en automóviles lixeiros, clase "A", outorgadas por este concello. Estes medios deberán estar debidamente homologados e, no caso dos dispositivos GPS como mínimo, haberán de permitir a emisión dun sinal a vontade do condutor en caso de incidente, que poida ser recibida nun centro receptor durante as 24 horas do día, para que este solicite o auxilio necesario e así incrementar a seguridade durante a realización do servizo.

O ben subvencionable, en calquera destas modalidades, debeu ser adquirido entre o 01.01.2023 e o día que finalice o prazo de presentación de solicitudes para obter subvención.

Tratándose todos eles de bens inventariables que non requiren de inscrición nun rexistro público, requirirase a afectación ao fin concreto obxecto de subvención por un período mínimo de dous anos.

En todo caso, debe acreditarse fidedignamente no correspondente xustificante de gasto que o ben ten relación directa coa actividade ou proxecto de que se trate.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

En ningún caso se subvencionará a adquisición, adaptación ou cambio de vehículos de segunda man. Non se considerarán vehículos de segunda man os vehículos Km0 con antigüidade inferior a un ano.

III) BASES REGULADORAS: RÉXIME XURÍDICO E FINALIDADE

Base 5. Réxime xurídico

A presente convocatoria rexeráse integramente polas Bases reguladoras contidas na Ordenanza Municipal específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana (OSSMU), cuxo texto íntegro esta dispoñible en <https://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2008/02/26/08-1920-x.htm>.

Así mesmo, serán de aplicación supletoria as normas que se indican na Disposición Adicional Primeira desta convocatoria.

Base 6. Finalidade

Os obxectivos que se pretenden alcanzar con estas subvencións son:

- Incentivar e apoiar a adquisición de vehículos eléctricos puros, de maneira que contribúan a mellorar a calidade do aire, a reducir a contaminación acústica e as emisións de gases de efecto invernadoiro así como o consumo de enerxía.
- Incentivar e apoiar a expansión de vehículos no servizo de Auto-taxi que operen con combustibles alternativos, o que mellorará a calidade e eficiencia do servizo prestado.
- Favorecer e fomentar a utilización do Eurotaxi o que propiciará un incremento cualitativo e cuantitativo de usuarios que utilicen o servizo.

- Alcanzar un maior grao de eficacia nas políticas municipais relacionadas coa promoción do servizo de transporte público de viaxeiros.
- Estender a instalación de medios de seguridade que faciliten a súa localización en caso de emerxencia.
- Incrementar a seguridade do sector

IV) CONTÍA E LÍMITES DA SUBVENCIÓN

Base 7. Crédito orzamentario

A cantidade global máxima para esta convocatoria ascende a **75.000 €** con cargo á aplicación orzamentaria 41.4412.779.02 “Subvencións ao transporte público de viaxeiros”, convocatoria de axudas públicas en concorrencia competitiva para titulares dunha licenza de taxi concedida polo Concello da Coruña para financiar GPS, biombos, axudas para vehículos eléctricos puros, vehículos con combustibles alternativos, taxis adaptados e instalación de equipos de comunicación implementados sobre novas tecnoloxías.

De conformidade co disposto no artigo 58 do RD 887/2006, no caso de que este crédito se incremente como consecuencia dunha modificación orzamentaria, esta contía adicional poderá aplicarse á concesión de subvencións sen necesidade dunha nova convocatoria.

A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración da dispoñibilidade de crédito e á correspondente resolución de modificación da contía da convocatoria.

Base 8. Límite máximo da subvención

8.1. As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar os obxectos descritos na Base 4ª ata o importe máximo indicado a continuación:

- a) Vehículos eléctricos puro3.500,00 €
- b) Vehículos híbridos, híbridos enchufables, glp, gas natural e demais vehículos de combustibles alternativos:
 - Vehículo eléctrico con autonomía estendida, híbrido enchufable e vehículo híbrido..... 2.500,00 €
 - Vehículo a glp, gas natural e demais combustible alternativo..... 1.000,00 €
- c) Vehículos Eurotaxi, para persoas con diversidade funcional ou mobilidade reducida 3.500,00 €
- d) Instalación de medios de seguridade (Biombos e/ou GPS) 150,00 €

8.2. Cando nunha mesma persoa beneficiaria concorran dous ou máis supostos obxecto de subvención fixados nesta convocatoria concederáse unicamente a de máis importe, agás que un deses supostos sexa o da letra d) do apartado anterior, de instalación de medios de seguridade (biombos e/ou GPS) que será compatible con calquera delas. Igualmente serán compatibles nunha mesma persoa beneficiaria idénticos supostos de subvención cando se trate de vehículos adscritos a diferentes licenzas da mesma persoa titular.



V) PROCEDIMENTO: INICIACIÓN

Base 9. Réxime e inicio

O procedemento de concesión das subvencións obxecto da presente convocatoria tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

Base 10. Órgano instrutor e órgano competente para a resolución do procedemento

De acordo co establecido no artigo 18 da OSSMU, a instrución do procedemento de concesión corresponde ao Departamento municipal que teña atribuída a competencia para a xestión do oportuno expediente, que actuará en calidade de órgano instrutor ao que se refire o artigo 24 da LXS. Esta competencia ha de entenderse referida ao Servizo de Mobilidade Urbana.

De acordo co establecido no artigo 25 da OSSMU, o órgano competente para resolver será o primeiro tenente de alcaldesa e concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Urbana (acordo de la Junta de Gobierno Local de delegación do 05.07.2023 publicado no BOP núm. 131 do 11.07.2023).

Base 11. Forma, documentación e prazo de presentación de solicitudes

11.1. Presentación de solicitudes de subvención.

A solicitude de subvención xunto coa documentación requirida dirixirase ao Concello da Coruña e presentarse por calquera medio previsto no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Tanto as persoas xurídicas como as súas persoas representantes deberán presentala de forma obrigatoria a través de medios electrónicos na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gal>. As persoas físicas poderán presentar a súa solicitude no Rexistro Xeral de Entrada do Concello da Coruña, ademais de a través dos medios indicados no citado art. 16 da Lei 39/2015.

O prazo de presentación de solicitudes será DUN MES contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín oficial da provincia da Coruña. En consecuencia, para poder ser beneficiaria das subvencións, cumprirá presentar unha solicitude axustada ao modelo normalizado que figura como Anexo I a esta convocatoria.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación da devandita convocatoria. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo termina o último día do mes.

11.2. Documentación das solicitudes de subvención.

A solicitude de subvención deberá incluír a seguinte documentación:

Con carácter Xeral:

- a) Fotocopias do NIF da persoa solicitante, salvo que se trate dunha persoa física empadroadada no municipio da Coruña.
- b) Copia do poder da representación legal da entidade no seu caso.

- c) Copia do permiso de circulación do vehículo adquirido e copia da ficha técnica do vehículo anterior, ao obxecto de acreditar a antigüidade da matrícula; no caso de acreditar reforma, cambio ou adaptación do vehículo a combustible alternativo, ademais, copia da ficha técnica do vehículo na que conste a anotación de autorización da reforma
- d) Declaración responsable, segundo o modelo do Anexo III desta convocatoria.
- e) Certificado da entidade bancaria acreditativo da titularidade da conta bancaria onde realizar o aboamento da subvención.
- f) No caso de opoñerse expresamente á consulta ou obtención polo Concello da Coruña de certificados acreditativos de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello, deberá marcar a correspondente opción no Anexo 3 e deberá presentar os certificados acreditativos de atoparse ao corrente no pago das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e o Concello da Coruña.

No caso de solicitude de subvención para a adquisición dun vehículo eléctrico puro, ademais:

- a) Factura orixinal e selada polo punto de venda na que quede acreditado que se trata dun vehículo eléctrico puro.
- b) Xustificante do pagamento da factura.

No caso de solicitude de subvención para a instalación de medios de seguridade (Biombos e/ou GPS) ademais deberá presentar:

- a) Certificado de homologación do sistema de seguridade
- b) Factura de adquisición do medio de seguridade, especificando marca e modelo do sistema de seguridade instalado.
- c) Xustificante do pagamento da factura.

No caso de solicitude de subvención municipal para vehículos destinados ao servizo de auto-taxi eléctricos con autonomía estendida, híbridos, híbridos enchufables, GLP, gas natural, demais vehículos de combustibles alternativos e vehículos destinados a Eurotaxi e que presten os seus servizos no termo municipal da Coruña, ademais deberá presentar:

- a) Factura de adquisición do vehículo, especificando a súa marca e modelo, na que se acredite debidamente que se trata dun vehículo eléctrico con autonomía estendida, vehículo híbrido, híbrido enchufable, vehículo GLP, vehículo de gas natural, ou demais vehículos de combustible alternativo ou destinado a Eurotaxi.
- b) Factura de reforma ou adaptación do vehículo a combustible alternativo.
- c) Ficha técnica do vehículo para os casos de reforma.
- d) Xustificante do pago da factura.

11.3. Aclaracións adicionais sobre a documentación das solicitudes de subvención

No caso de que os documentos esixidos xa estivesen en posesión de calquera órgano do Concello da Coruña, a persoa solicitante poderá acollerse ao establecido no artigo 53.1.d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sempre que se faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados ou, no seu caso, emitido, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan (Anexo II a estas bases)



No suposto de imposibilidade material de obter algún dos documentos, o órgano competente poderá requirir ao solicitante ou a su representación, que presente o devandito documento ou, na súa falta, que acredite por outros medios os requisitos requiridos, coa anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Os documentos normalizados sinalados como "anexos" nesta convocatoria son obrigatorios e poderán ser ampliados polos solicitantes achegando a documentación que consideren oportuna para unha mellor valoración das súas solicitudes.

A persoa solicitante autoriza ao Concello da Coruña a realizar cantas comprobacións considere oportunas ao obxecto de verificar ou solicitar novos datos que puidesen afectar as condicións da subvención. Se o resultado desta comprobación puxese de manifesto datos distintos aos manifestados polas persoas solicitantes que desen lugar á concesión de subvencións, adoptaranse as medidas necesarias para corrixir e, no seu caso, reparar o prexuízo causado, con independencia da procedencia de incoar o procedemento de reintegro nas condicións previstas no artigo 37 da LXS (declaración responsable, Anexo III a estas bases).

VI) INSTRUCCIÓN

Base 12. Instrución

A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde ao órgano que se indica na Base 10.

O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

As actividades de instrución comprenderán as seguintes (art. 24.3 LXS):

- a) Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta subvención.
- b) Avaliación das solicitudes, efectuada conforme cos criterios de valoración establecidos na Base 13 seguinte.

Se a solicitude de subvención non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos da solicitude e/ou na documentación presentada, o órgano instrutor requirirá a persoa interesada para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle que se non o fixer, teráselle por desistida da súa solicitude, para o que deberá ser ditada unha resolución nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, poderase requirir á entidade ou agrupación solicitante que achegue a información e documentación aclaratoria e complementaria que se considere conveniente para definir, avaliar, e comprobar correctamente a solicitude presentada.

Base 13. Criterios de valoración das subvencións e Mesa de avaliación

13.1. Criterios de valoración das solicitudes

O órgano instructor do procedemento comprobará que cada unha das persoas solicitantes cumpre todos os requisitos e condicións esixidos.

Unha vez realizada esta comprobación, se o crédito consignado fose suficiente para atender todas as solicitudes presentadas e admitidas, o Concello non fixará unha orde de prelación.

En caso contrario, a valoración das axudas graduarase tendo en conta o seguinte:

1. En primeiro lugar, reservaranse 10.500 euros para eurotaxis. A prelación neste criterio establecerase da seguinte maneira:
 - a. Non obter ningunha subvención para a mesma finalidade de calquera outro organismo.
 - b. Antigüedad da matrícula do vehículo para substituír
 - c. Mulleres titulares de licenza que presten o servizo directamente
 - d. Titulares de licenza que acrediten ter contratadas mulleres para prestaren o servizo
 - e. Data da solicitude
2. En segundo lugar, reservaranse 1.500 euros para biombos e GPS. A prelación neste criterio, establecerase da seguinte maneira:
 - a. Non obter ningunha subvención para a mesma finalidade de calquera outro organismo.
 - b. Mulleres titulares de licenza que presten o servizo directamente
 - c. Titulares de licenza que acrediten ter contratadas mulleres para prestaren o servizo
 - d. Data da solicitude
3. A continuación, ordenaranse as demais solicitudes de acordo cos seguintes criterios de prelación:
 - a) En primeiro lugar, as solicitudes de adquisición de eurotaxi que non puidesen ser financiadas segundo o indicado no número 1 anterior. E, dentro destes, establecerase a orde segundo os seguintes criterios:
 - I. Non obter ningunha subvención para a mesma finalidade de calquera outro organismo.
 - II. Antigüedad da matrícula do vehículo para substituír
 - III. Mulleres titulares de licenza que presten o servizo directamente
 - IV. Titulares de licenza que acrediten ter contratadas mulleres para prestaren o servizo
 - V. Data da solicitude
 - b) En segundo lugar, as solicitudes de adquisición de vehículos eléctricos puros. E, dentro destes, establecerase a orde de acordo cos seguintes criterios:



- I. Non obter ningunha subvención para a mesma finalidade de calquera outro organismo.
 - II. Antigüedad da matrícula do vehículo para substituír
 - III. Mulleres titulares de licenza que presten o servizo directamente
 - IV. Titulares de licenza que acrediten ter contratadas mulleres para prestaren o servizo
 - V. Data da solicitude
- c) En terceiro lugar, as solicitudes de adquisición de vehículo eléctrico con autonomía estendida, híbrido enchufable e vehículo híbrido, vehículo a glp, gas natural e demais combustible alternativo. E dentro destes, establecerase a orde de acordo cos seguintes criterios:
- I. Non obter ningunha subvención para a mesma finalidade de calquera outro organismo.
 - II. Antigüedad da matrícula do vehículo para substituír
 - III. Mulleres titulares de licenza que presten o servizo directamente
 - IV. Titulares de licenza que acrediten ter contratadas mulleres para prestaren o servizo
 - V. Data da solicitude
- d) En cuarto lugar, as solicitudes de adquisición de GPS e biombos que non puidesen ser financiadas de acordo ao establecido no punto 2 anterior. E dentro destes, establecerase a orde de acordo cos seguintes criterios:
- I. Non obter ningunha subvención para a mesma finalidade de calquera outro organismo.
 - II. Mulleres titulares de licenza que presten o servizo directamente
 - III. Titulares de licenza que acrediten ter contratadas mulleres para prestaren o servizo
 - IV. Data da solicitude

No caso de que non se esgoten as cantidades reservadas para vehículos eléctricos puros (10.500€) e gps e biombos (1.500€), as cantidades sobrantes poderán financiar o resto de solicitudes de subvencións ordenadas de acordo cos criterios indicados nesta base.

Unha vez avaliadas as solicitudes, a Mesa de Avaliación deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. A continuación, o órgano instructor, visto o expediente e o informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada.

13.2. Mesa de Avaliación

As solicitudes de subvención presentadas serán avaliadas por unha Mesa de Avaliación nomeada pola concelleira con competencias en mobilidade e estará formada por persoal con capacitación, competencia e preparación adecuadas, con presenza equilibrada de ambos os sexos, cunha representación feminina de polo menos nun 40%, e coa seguinte composición:

- Presidencia: Xefatura de Servizo de Mobilidade Urbana ou persoa que a substitúa.

- Vogal: Empregada/o público/a municipal pertencente ao subgrupo A1/A2 con á Concellaría con competencias en mobilidade.
- Secretaría: Empregada/o público/a municipal con adscrición á Concellaría con competencias en mobilidade.

No caso de ausencia dalgunha das persoas que integran a Mesa de Avaliación, substituirá a persoa funcionaria que designe a persoa titular da Concellaría con competencias en mobilidade.

A Mesa de Avaliación, a través do órgano instructor, poderá requirir as persoas solicitantes de subvención, que presenten información ou documentación adicional aclaratoria que, sen estar en poder da administración municipal, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellor valoración das solicitudes.

Base 14. Resolución provisional, trámite de alegacións e resolución definitiva

O órgano instructor visto o expediente e o informe da Mesa de avaliación, formulará una proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá comunicarse as persoas interesadas mediante anuncio público, nos lugares de difusión que a continuación se indican para que, no prazo de dez días hábiles, poidan presentar alegacións:

- Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña <https://www.sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>
- Web municipal de Mobilidade <https://www.coruna.gal/mobilidade/gl>

Poderá prescindirse deste trámite cando a concesión da subvención sexa automática a todas aquelas persoas solicitantes que reúnan os requisitos, sen prexuízo do dereito á corrección de defectos previsto no artigo 23.5 da LXS. Neste caso, o órgano instructor formulará directamente ao órgano concedente a proposta de resolución definitiva. De igual maneira procederase cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polas persoas interesadas.

Examinadas as alegacións aducidas polas persoas interesadas, formularase a proposta de resolución definitiva polo órgano competente.

A proposta de resolución definitiva notificarase ás persoas interesadas que fosen propostas como beneficiarias, de acordo co previsto no artigo 26 da LXS e os artigos 40, 41, 42 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para que no prazo de dez días hábiles comuniquen a súa aceptación ou renuncia ao órgano instructor. Transcorrido este prazo sen aceptación expresa, a subvención entenderase tacitamente aceptada.

A resolución do procedemento notificarase ás persoas interesadas de acordo co previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A proposta de resolución formularase no prazo máximo de tres meses a contar desde a terminación do prazo de subsanación.

O tempo utilizado para a corrección de deficiencias, achega de documentos e reformulación de solicitudes interromperá este prazo, ao aveiro do artigo 22.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



O prazo máximo de resolución da concesión das subvencións é dun mes, contado a partir da data de elevación da proposta de resolución definitiva da instrutora.

O vencemento do devandito prazo máximo sen notificarse a resolución lexitima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da subvención.

De conformidade co disposto nos artigos 42 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a publicación nos medios indicados nas aliñas anteriores substituirá a notificación fornecendo os mesmos efectos.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que obra no seu poder se desprende que as persoas beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a aquelas.

As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito algún a favor da beneficiaria proposta fronte á Administración municipal, mentres non se lle notifique a resolución de concesión.

Base 15. Recursos procedentes contra a resolución do procedemento

A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa e contra ela cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Con todo, as persoas interesadas poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes, e nese caso o prazo para a presentación do recurso contencioso administrativo empezará a contarse desde a notificación da resolución expresa do recurso. En caso de desestimación presunta, que se producirá se no prazo dun mes non se resolve o recurso de reposición interposto (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), a interposición do recurso contencioso-administrativo non se suxeita a prazo de caducidade (Sentenza do Pleno do TC STC 52/2014, do 10 de abril).

Base 16. Lista de agarda

A lista de agarda é o instrumento a través do cal se ordena a prioridade na concesión das subvencións no caso de que non exista dotación orzamentaria suficiente para atender a todas as potenciais persoas beneficiarias.

A lista de agarda será única e ordenarase segundo os criterios de valoración definidos na Base 13.^a desta convocatoria. Acudirase a ela para a adxudicar a subvención segundo a devandita orde, no caso de que algunha das persoas beneficiarias que consten na adxudicación provisional non resulten adxudicatarias definitivas, renuncien á subvención ou se produza a modificación á alza da dotación orzamentaria inicialmente prevista.

Base 17. Compatibilidade con outras axudas.

Estas subvencións son compatibles con outras outorgadas por outras institucións, públicas ou privadas, ou tramitadas por outros servizos deste Concello, sempre que o importe total do investimento non supere o custo efectivo ou real dos gastos subvencionados.

O reintegro do exceso farase a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións concedidas por cada unha delas. Con todo, cando sexa o propio Concello quen advirta o exceso de financiamento esixirase o reintegro polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por el.

VII)

COMPROBACIÓN, PAGAMENTO E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS

Base 18. Comprobación das subvencións concedidas

O órgano concedente comprobará a adecuada xustificación da subvención, o que determinará a súa concesión ou goce.

En particular, e ao obxecto de cumprir co requisito de afectación ao obxecto da subvención, as persoas beneficiarias deberán acudir ás dependencias do Parque Móbil municipal (r/ Newton, 18) para que a persoa encargada da revisión municipal emita o informe que acredite a permanencia do obxecto da subvención no taxi por un período de dous anos. Este trámite poderase completar xunto co procedemento de revisión anual do taxi. Con todo, será responsabilidade da persoa beneficiaria incluír, xunto coa documentación habitual desta revisión, mención expresa desta afectación ao vehículo por parte da persoa encargada da revisión municipal.

Base 19. Pagamento das subvencións

De acordo co establecido no artigo 34 da LXS e no artigo 44 da OSSMU, o pagamento da subvención concedida realizarase previa xustificación pola persoa beneficiaria da adquisición que deu orixe á subvención nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

A documentación acreditativa da xustificación da subvención deberá presentarse nos medios indicados no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A presentación da documentación acreditativa da xustificación realizarase no prazo dun mes contado desde a finalización do prazo para a realización da actividade ou proxecto obxecto de subvención concedida e, no caso de actividades ou proxectos finalizados con anterioridade á recepción da notificación/publicación da resolución definitiva de concesión, o prazo dun mes contarase a partir do día seguinte ao da recepción desta notificación/publicación.

O prazo máximo para a admisión de xustificación finaliza o vindeiro 31 de xaneiro do 2025.

A subvención aboarase mediante un pagamento único, que quedará condicionado a que:

- a) No informe de revisión anual do taxi a que refírese a Base 18 se acredite a instalación do obxecto da subvención ou, na súa falta, dentro do mes seguinte á data da resolución as persoas beneficiarias acudan ás dependencias do Servizo de Mobilidade Urbana para que o persoal encargado das comprobacións emita informe que acredite a instalación do obxecto da subvención.
- b) A persoa beneficiaria estea ao corrente nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ben sexa mediante comprobación realizada polo propio Concello, ben mediante presentación da documentación acreditativa por parte de aquel, no caso de opoñerse á comprobación por parte do Concello.

O pagamento realizarase mediante ingreso na conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria na solicitude de subvención.



Base 20. Reintegro das subvencións concedidas

Perderase o dereito á cobranza total ou parcial da subvención concedida no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 37 da LXS e 50 da OSSMU.

A subvención concedida será revogada e reintegrada cando concorran calquera das seguintes circunstancias:

- a) Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impedirían.
- b) Obter outras axudas compatibles que illadamente ou en concorrencia superen o custo total dos gastos subvencionados, en canto ao exceso.
- c) A non afectación durante o período de dous anos esixida nestas bases. No caso de que a afectación fose inferior a ese prazo, deberase reintegrar a parte proporcional da subvención.
- d) Obter outras axudas que fosen declaradas expresamente incompatibles.
- e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como incumprir as obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos.
- f) Incumprir as obrigas establecidas con motivo da concesión da subvención.
- g) Calquera outra causa que expresamente constitúa infracción administrativa en materia de subvencións por acción ou omisión conforme ao establecido na LXS e normativa de desenvolvemento.

As cantidades para reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público. Será de aplicación para para cobralas o disposto no Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas Locais aprobado mediante Real Decreto Legislativo 2/2004 e normativa de desenvolvemento. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención e ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, sen prexuízo da sanción a que, de ser o caso, houber lugar. O acordo de reintegro será notificado á persoa interesada con indicación da forma e prazo en que deba efectuarse.

En todo caso, durante a tramitación do procedemento de reintegro garantirase, o dereito da persoa interesada ao trámite de audiencia.

En calquera momento, a persoa beneficiaria dunha subvención poderá desistir ou renunciar á súa concesión, sen prexuízo das responsabilidades ás que, de ser o caso, correspondan, e tendo en conta que, unha vez abonada, deberá devolvela conforme ao procedemento de reintegro de subvencións anteriormente indicado.

VIII) **INFRACCIÓNS E SANCIÓN**S

Base 21. Infraccións e sancións

As accións e omisións tipificadas na LXS e normativa de desenvolvemento constituirán infraccións en materia de subvencións.

As sancións tipificadas nos artigos 59 a 63 da LXS poderán imponerse conforme ao procedemento sancionador previsto nos artigos 52 a 58 e 66 a 69 da citada Lei e sendo o órgano competente para a súa resolución o mesmo que ten atribuída a competencia para resolver a concesión e aboamento.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición Adicional 1ª. Normativa de aplicación

Será de aplicación en todo aquilo no regulado nestas Bases, a OSSMU, a a LXG, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, los Regulamentos que desenvolven esta normativa e demais normas concordantes e aplicables.

A tramitación do gasto derivado desta convocatoria específica regúlase, ademais de pola normativa estatal, polas Bases de Execución de Orzamento municipal en vigor.

Disposición Adicional 2ª. Aceptación das bases reguladoras da convocatoria

A participación nesta convocatoria específica supón a aceptación das súas bases reguladoras, tanto xerais como específicas.

Disposición Adicional 3ª. Información ás persoas interesadas

Sobre o procedemento administrativo correspondente a esta convocatoria, poderase obter documentación normalizada ou información adicional no Servizo de Mobilidade Urbana, sito na r/ Cabaleiros, 21, 15009, A Coruña, de forma presencial ou por teléfono 981 189 860; a través da sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es>, web municipal de Mobilidade <https://www.coruna.gal/mobilidade/gl> e/ou na caixa de correo concellaria.infraestructuras@coruna.gal

Disposición Adicional 4ª. Datos de carácter persoal

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, pola que se adapta ao ordenamento xurídico español o Regulamento(UE)2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria de subvencións, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, incluíranse nun ficheiro automatizado que ten por finalidade xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O seu órgano responsable é o Concello da Coruña.

En virtude da citada lei orgánica, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer dirixíndose ao Concello da Coruña (Pza. de María Pita, núm. 1, 15001 A Coruña; Tel: 981 18 42 00).

A Coruña, na data da firma dixital deste documento

O xefe do Departamento de Mobilidade



ANEXO I. SOLICITUDE DE SUBVENCIONS

A/A: Concellería de Innovación, Mobilidade e Infraestruturas

Convocatoria: Iniciativas Municipais de apoio ao sector do taxi. Ano 2024.

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

Nome ou denominación social:

NIF:

Domicilio ou sede social:

CP:

Teléfono:

Móbil:

Correo Electrónico:

En caso de comunidades de bens, sociedades civís e agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, porcentaxe de participación de cada un dos seus membros:

<u>Nome y apelidos</u>	<u>Porcentaxe</u>

Representante (no seu caso)

Nome:

NIF:

EXPON: Que, á vista da **Convocatoria de subvencións para Iniciativas municipais de apoio ao sector do taxi do Concello da Coruña 2024**

SOLICITA unha subvención de ----- euros para (sinalar o que proceda):

☐ Adquisición dun vehículo eléctrico puro destinado ao servizo de auto-taxi

Adquisición dun vehículo destinado ao servizo de auto-taxi híbridos, híbridos enchufables, glp, gas natural, eléctricos e demais vehículos de combustibles alternativos que presten os seus servizos:

☐ Vehículo híbrido, vehículo híbrido enchufable e vehículo híbrido.....
Vehículo a glp, gas natural e demais combustible alternativo.....

☐ Vehículo a Eurotaxi, para persoas con diversidade funcional ou mobilidade reducida

☐ Unha subvención municipal para a instalación de medios de seguridade (Biombos e/ou GPS)

Para o que se presentan os documentos requiridos e de cuxa veracidade dou fe e

DECLARO: Que cumpro a totalidade dos requisitos esixidos nas bases desta convocatoria e na normativa de referencia.

A Coruña, de de 2024

ANEXO 2. DECLARACION DE DOCUMENTACIÓN XA ENTREGADA PREVIAMENTE NO CONCELLO DA CORUÑA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:		
Denominación ou razón social:		
NIF:	Domicilio social:	
Localidade:	Provincia:	Cód. Postal:
DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL DA PERSOA SOLICITANTE (de ser o caso):		
Nome e apelidos:		DNI/NIF:
En calidade de / ou cargo directivo:		

En relación coa convocatoria específica para a concesión de subvencións **Iniciativas Municipais de Apoio ao Sector do Taxi durante o ano 2024;**

DECLARO:

Que a seguinte documentación xa consta no Concello da Coruña (ou foi emitida) en data e no órgano ou dependencia, que se indican a continuación, e non sufriron modificación ou transcorrido o seu prazo de validez (5 anos desde a finalización do procedemento ao que corresponda)

[Marcar cunha [X] o recadro correspondente]

- ☐ Certificación dos datos bancarios da persoa solicitante (orixinal expedido pola entidade bancaria) con indicación da conta en formato IBAN.
- ☐ Fotocopia compulsada do número de identificación fiscal (NIF).
- ☐ Fotocopia do DNI e apoderamento do/da representante legal de la persoa solicitante.

Documento	Data de presentación ou emisión	Órgano ou Dependencia Municipal de presentación ou emisión
Certificación datos bancarios (IBAN):		
NIF da entidade:		
DNI e apoderamiento do/a Representante legal:		

E para que conste e surta os efectos consecuentes, expido a presente declaración no lugar e data que se indican a continuación.

A Coruña, de de 2024

Nome e apelidos:

NIF:

Firma:



ANEXO 3. DECLARACIÓN RESPONSABLE

Convocatoria de Iniciativas Municipais de Apoio ao Sector do Taxi Concello da Coruña 2024

Don/Dona

NIF:

con domicilio en:

en nome propio ou en representación de (*tache o que non proceda*):

con NIF:

con domicilio en , na rúa:

en relación coa **Convocatoria de Iniciativas Municipais de Apoio ao sector do taxi do Concello da Coruña 2024**

Declaro responsablemente

1. En relación coas prohibicións establecidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, para obter a condición de persoa beneficiaria de subvencións:
 - a) Non ter sido condenado mediante sentenza firme a pena de perda de posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
 - b) Non ter solicitada a declaración de concurso, ser declarado/a insolvente en calquera procedemento, o en concurso, estar suxeito a intervención xudicial ou ser inhabilitado conforme á Lei Concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
 - c) Non dar lugar, por causa da que fose declarado culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
 - d) Non estar incurso a persoa física, os administradores de sociedades mercantís, aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas ou calquera dos membros de comunidades de bens ou outras agrupacións de persoas nalgún dos supostos da Lei 3/2015, do 30 de marzo, Reguladora do Exercicio do Alto Cargo da Administración Xeral do Estado, da lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos na mesma ou na normativa autonómica que regule estas materias.
 - e) Atoparse ao corrente nas miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
 - f) Non ter residencia fiscal nun país ou territorio cualificado como paraíso fiscal.
 - g) Non ter pendente o pagamento de obrigas por reintegro de subvencións.
 - h) Que cumpro co requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de Protección Xurídica do Menor e no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de Voluntariado.
2. Sobre outras subvencións en relación co obxecto da subvención solicitada,
 - ☐ Que non obtiven ningún tipo de subvención doutras administracións públicas, entes públicos ou privados, ou de particulares, nacionais ou internacionais.
 - ☐ Que obtiven as seguintes subvencións doutras administracións públicas, entes públicos ou privados, ou de particulares, nacionais ou internacionais:



ANEXO 4. AUTORIZACIÓN DE PERSONA INTERESADA PARA QUE O CONCELLO DA CORUÑA POIDA OBTEN DATOS DA AGENCIA ESTATAL DE ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA

A/s persona/s abaixo firmante/s autoriza/n ao

CONCELLO DA CORUÑA

a solicitar da Agencia Estatal de Administración Tributaria os datos relativos

TIPO DE INFORMACIÓN

☒ Estar ao corrente das obrigacións tributarias

☐ Nivel de renta

☐ Imposto sobre actividades económicas

☐ Outros

para comprobar que se cumpren os requisitos establecidos no seguinte

PROCEDEMENTO

Convocatoria específica, en réxime de concorrencia competitiva, de iniciativas municipais de apoio ao sector do taxi para financiar GPS, biombos, axudas para vehículos eléctricos puros, vehículos con combustibles alternativos, taxis adaptados e instalación de equipos de comunicación implementados sobre novas tecnoloxías, ano 2024 (expediente 851/2024/20)

A presente autorización outórgase exclusivamente para os efectos do recoñecemento, seguimento e control dos requisitos establecidos no procedemento administrativo mencionado anteriormente e en aplicación do disposto no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que permite, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as Administracións Públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

A.- DATOS DO INTERESADO/S

NIF

Apelidos e nome / Razón social

B.- DATOS DO AUTORIZADOR

(SÓ NO CASO DE QUE SEXA UNHA PERSOA XURÍDICA OU UNHA ENTIDADE DO ARTIGO 35.4 DA LEI XERAL TRIBUTARIA)

NIF

Apelidos e nome

Actúa en calidade

Lugar, data e firma dos interesado/s e, autorizador, no seu caso

A Coruña, a de de 2024

NOTA: A autorización concedida polo asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao organismo solicitante.

NORMATIVA:

- Artigo 95.1.k) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Artigo 2.4 da ORDE do 18 de novembro de 1999 pola que se regula a subministración de información tributaria ás Administracións Públicas para o desenvolvemento das súas funcións, así como os supostos contemplados no artigo 113.1 (actual 95.1) da Lei Xeral Tributaria.



ANEXO 5. MODELO DE ADHESIVO PARA ACREDITAR O
FINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN POLO CONCELLO DA CORUÑA



Concello da Coruña

Vehículo subvencionado polo Concello da Coruña